



Na procura do Tesouro

Actividade didáctica-musical sobre o patrimonio inmaterial galego



LECTURA

“Alá cando eu era un mozo”

Alá cando eu era mozo, tiña doce anos cumpridos,
fun ver unha nena guapa filla de Xan dos Despidos.

Eu levaba un pau tan grande como o fungueiro dun carro,
unhas zocas de chinela, fumando un gran cigarro.

Entrei, dei as boas noites, sale o can moi apurado;
resgoume o calzón de estrena e mais tiroume deitado

Saliu a vella da casa: foiche bo milagro, home,
este can eche escollido; carne mala non a come.

A rapaza non estaba, dis que iba nun viaxiño,
salín pra esperala no alboio dun veciño.

Saliu outro can tan feio como a cabeza dun sapo;
arrastroume pola lama mesmo que se fora un trapo.

Aquel can ladraba tanto, saen todos os veciños,
as mulleres paus e fouces e os homes con fouciños.

Ao mirar a tanta xente tirei as zocas chinelas
e, pra que non me pillaran, dei bon sebo ás canelas.

Unha vella no camiño (que, pensando ben, non creio)
pegoume tres bofetadas decindo que era moi feio.

Miña nai, ó entrar na casa fíxome unhas boas sopas,
cantoume as cuarenta en bastos e tamén as vinte en copas.

E meu pai, que estaba cerca, pra quentarme ben as moas,
deume sete bofetadas. ¡Encima de mel, filloas!

Ía polo cuarto adiante, ía medio condenado,
rabeoso como un can polas que tiña levado.